

# PROXECTO CLIMÁNTICA



Somos Fátima Fontán Vázquez e Ana María Duro Maneiro do I.E.S. Espiñeira. Como vostede foi o noso profesor o curso pasado cando publicou este proxecto interesámonos por el e gustaríanos facerlle unhas preguntas para a revista do centro "Cartafol das palabras".

## 1.-Por que decidiu deixar de dar clase e embarcarse no proxecto "Climántica"?

Non decidín deixar de dar clase, pois ensinar é a razón de ser da miña profesión. Desenvolver este proxecto só supón unha paréntese temporal na miña dedicación ao instituto, pero sigo sendo profesor do IES Espiñeira, así que non descartedes que vos dea clase de Bioloxía en segundo de Bacharelato, ademais estou moi ligado á docencia impartindo cursos e conferencias relativas ao proxecto (foto 1: conferencia cos alumnos de Secundaria dos institutos da zona educativa de Ponteareas e Foto 2 curso de formación do profesorado).

Decidín desenvolver este proxecto porque me parecía que a convocatoria do concurso de méritos coincidíame nun momento oportuno, unha vez que estaba a rematar o nomeamento de 4 anos de director e que a crise ambiental estaba a demandar respostas educativas deste tipo. O único que me fixo dudar foi o feito de que antes da resolución do concurso de méritos, me prorrogaran para afrontar o quinto ano na dirección, pero neste caso teño que dicir que os compañeiros do Equipo Directivo axudáronme, especialmente Miguel, asumindo na súa condición de vicedirector o reto da dirección nese ano de prórroga.



## 2.-En que consiste "Climántica"?

Climántica é un proxecto de educación ambiental que aborda todas as problemáticas ambientais relacionándoas co cambio climático. Parte da publicación de oito libros con estrutura de unidade didáctica, dos cales o primeiro trata o cambio climático. Os outros sete tratan a enerxía, os residuos, o ciclo da auga, a biodiversidade, o territorio, o medio rural e o medio urbano. Sobre o contido destes libros elabó-

ránse cómics, revistas, documentais e cursos multimedia para a autoaprendizaxe na web [www.climantica.org](http://www.climantica.org). Todo isto está a disposición na web xunto con novas de educación ambiental e contidos que se producen na aplicación do proxecto nos centros.

## 3.-A quen vai dirixido o proxecto?

Este proxecto vai dirixido á cidadanía en xeral a través de web, onde á parte de ter todos os contidos educativos, tamén se ofrece a oportunidade de preguntar, opinar e debater a través dun blog. Pero o punto de arranque está no ensino secundario, pois os autores somos docentes dese nivel. De momento ao ensino primario achegámonos mediante a fantasía infantil a través de bandas deseñadas, curtos de animación e videoxogos educativos. Tamén estamos abrindo a vía do ensino universitario ao que esperamos chegar o próximo curso.

## 4.-Como podemos contribuír nós neste proxecto?

Vós como estudantes, podeades contribuír aprendendo e formándovos como cidadáns que ides ter que afrontar o reto con enerxía e dedicación, por tanto utilizando o proxecto con este obxectivo, estades facendo a contribución máis interesante. Para facilitar esta implicación, na web imos poñendo leccións e cursos multimedia pensados para a autoaprendizaxe. Tamén podeades aportar contidos á web. Para incentivar e premiar estas contribucións imos poñer en marcha os primeiros premios Climántica, dos que teredes en breve información na web.

## 5.-Vemos na prensa que se empeza a falar de adaptación ao cambio climático en vez de previlo, que opina sobre esta polémica?

Non se trata de ningunha polémica, pois os científicos presentan os escenarios futuros con moita preocupación e advirten de que aínda freando o 100% das emisións, o CO2 xa inxectado á atmosfera seguiría mantendo ao longo de moito tempo o quentamento global. Creo que vos será fácil entender que acadar o nivel cero de emisións neste momento é unha utopía, polo que ademais de dedicar moitos recursos á investigación e sensibilización para mitigar, tamén debemos afrontar paralelamente a adaptación.

## 6.-Cales son as consecuencias que se prevén para a nosa zona co cambio climático?

A nosa zona posiblemente se vexa afectada pola subida do nivel do mar como resultado do desxeo e dilatación térmica da auga do mar. Este aumento vai reducir a superficie de praias e humidais. A tendencia actual do clima nesta parte norte da península lévanos a unha certa mediterrización. Isto pode atraer máis ao turismo cara ás Rías Baixas, o que pode repercutir, se non se toman as medidas axeitadas, ao aumento de construcións na costa. Tamén con este cambio climático previsible, os nosos solos areosos van sufrir máis secas, afectando aos cultivos e facilitando a propagación de incendios forestais.

### 7.-As previsións son a curto ou a longo prazo?

O grupo de científicos da ONU que se encarga dos estudos sobre cambio climático, no informe que emitiron este ano, conclúen que o xeo en Groenlandia non existirá nos veráns de dentro de 40 anos. Por tanto se isto é certo vós veredes a ausencia estival do xeo no polo norte. Na historia do planeta 40 anos de vida teñen moi pouca entidade. Así que desde o punto de vista xeolóxico podemos cualificar estes cambios como vertixinosos.



### 8.-Entón, xa é tarde para que nós tomemos medidas para minimizar os efectos do cambio climático?

Xa sabedes que eu sempre digo como profesor que a peor intervención é cruzarse de brazos porque pensemos que non hai nada que facer. A postura ten que ser a contraria, temos que tomar medidas colectivas e contundentes xa, para que non sexa tarde. Como educador teño moi claro que á xuventude hai que transmitirle optimismo e confiar cegamente en que o van facer mellor ca nós. Tamén vos digo que creo que se vós vos cruzades de brazos diante do problema, como o levamos facendo ata agora, perderemos un tempo e unha oportunidade magnífica. Eu son moi optimista en relación á vosa implicación e polo tanto tamén o son de cara á mellora do problema nun futuro inmediato, por iso estou a impulsar Climántica, xunto cun magnífico equipo formado por entusiastas convencidos nesta mesma liña de pensamento.

### 9.-Cre que é suficiente o que fan os gobernos para axudar a combater o cambio climático?

Esta sen dúbida é a pregunta máis difícil que me facedes. Eu creo que aos gobernos sempre debemos pedirles máis. Non sendo experto na materia, a nivel internacional decepcionárame a pasividade de EEUU, por canto que son os responsables de case o 30% das emisións e aínda así non asinaron os compromisos de redución de emisións de Kyoto.



A miña percepción máis directa e completa do que están a facer os gobernos das administracións do Estado é a que obtiven na miña intervención como representante da Xunta no seminario "Respostas desde a Educación e a Comunicación ante o cambio climático", invitado pola Oficina Española de Cambio Climático, que se celebrou en Córdoba os días 24 e 25 de maio de 2007 (Foto 3: presentación de Climántica no seminario de Córdoba organizado pola Oficina Española de Cambio Climático), coa participación de 55 expertos procedentes de administracións públicas (locais, autonómicas e xeral). Aquí fun testemuña dunha clara preocupación de todas as administracións por sensibilizar á poboación sobre a magnitude do reto. Nesta Consellería durante o tempo que levo aquí impulsouse un ambicioso Plan Galego de Acción contra o Cambio Climático do que Climántica é un dos eixes, sendo os outros 3 a investigación, a mitigación e a adaptación (foto 4: presentación do Plan Galego de Acción contra o cambio Climático no I curso de Climántica formación).



### 10.-Está contento co resultado do proxecto? Satisfíxolle a acollida que tivo o proxecto entre o profesorado e o alumnado?

Estou moi sorprendido pola acollida do proxecto non só nos centros educativos, onde xa temos 18 centros pilotos con 33 profesores implicados (foto 5 e 6 de Ribeira semana da Ciencia), senón tamén pola demandas que estamos a recibir de educadores ambientais dos concellos, de profesores doutras comunidades autónomas, do número de entradas que estamos a recibir de fóra de Galicia, superando as 3.000 en Madrid, ou xa no estranxeiro onde destaca México polo número de entradas e unha notable expansión en América do Sur. Xa antes de presentar o proxecto, en xaneiro deste ano, o Ministerio de Medio Ambiente recoñeceu como proxecto referente no Estado e así se está a reflectir no interese da prensa especializada en temas educativos.

Moitas grazas por atendernos. Desexámoslle que "Climántica" siga recollendo éxitos e eloxios e que os seus vindeiros proxectos teñan tan boa acollida coma este. Un saúdo.

